



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Agosto 2018

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Agosto 2018


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un aumento do 4,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,6 puntos menos que no mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 8,1%, 0,2 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 5,0% e os Outros servizos o 4,7%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,0%, dúas décimas menos que en España (2,2%).
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de agosto. Galicia é a cuarta comunidade con menor crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sexta comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de agosto en Galicia un aumento do 4,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,6 puntos inferior ao do mes de xullo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 8,1%, 0,2 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento da facturación do 5,0%, é o que máis contribúe ao crecemento do índice xeral no mes de agosto (3,9 puntos); os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 4,7% e achegan 1,1 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 9,7% e os *Outros servizos* o 5,2%.

O aumento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que crece o 4,6% e achega 2,4 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 14,6% e achega 0,6 puntos. O *Comercio ao retalho* aumenta o 4,7% e achega 0,9 puntos.

A nivel nacional, nas actividades comerciais, son a *Venta e reparación de vehículos de motor* (26,5%) e o *Comercio por xunto* (10,4%) as actividades con maior incremento.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 4,7%; os sectores que máis contribúen a este crecemento son *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, que aumentan un 23,9%, e *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, cunha taxa do 14,0%. En senso contrario, na *Hostalería* diminúe a facturación o 2,8% e en *Información e comunicacións* o 1,6%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 5,2%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores crecementos danse en: *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (12,7%) e *Transporte* (6,4%).

Nos oito primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 5,2% en Galicia e un 6,6% en España.

O *Comercio por xunto* é o sector que máis contribúe ao crecemento da cifra de negocios no que vai de ano, tanto en Galicia como no conxunto de España, con taxas do 6,2% e 8,2% respectivamente.

A *Hostalería* é o único sector no que diminúe a facturación nos oito primeiros meses do ano en Galicia, -3,2%. En España todos os sectores presentan taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 4,1% no mes de agosto. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 5,0% e achega 2,2 puntos á taxa de variación do índice xeral, e ao *Transporte*, que crece un 9,1% e achega 1,1 puntos. En senso contrario, a *Hostalería* diminúe o 2,9% e *Información e comunicacións* o 0,1%.


Nos primeiros oito meses do ano, o índice aumenta un 4,7%, sendo o *Comercio* (5,5%) e o *Transporte* (10,2%) os sectores que máis contribúen, 2,5 e 1,4 puntos respectivamente.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 4,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 4,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de agosto en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Madrid (14,4%) e Aragón (12,4%). A comunidade con menor crecemento é Illes Balears (1,9%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos son Madrid (9,4%) e Cantabria (9,2%) e. O menor incremento rexístrase en Andalucía (4,0%).

Índices de cifra de negocios. Agosto 2018


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,0% respecto ao mes de agosto de 2017, dúas décimas menos que en España (2,2%).



O persoal ocupado aumenta un 3,0% no *Comercio* e un 1,2% nos *Outros servizos*. Entre as actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (7,0%), co que achega nove décimas á taxa de variación do índice xeral.

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 3,8% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, co que achegan cinco décimas a taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, na *Hostalería* diminúe o persoal ocupado un 3,6%.

En España, en todos os sectores aumenta a ocupación. Os maiores incrementos no persoal ocupado danse en *Información e comunicacións* (3,6%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,9%).

Nos primeiros oito meses do ano, o persoal ocupado aumenta un 1,9% en Galicia, tres décimas menos que no conxunto do Estado (2,2%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de agosto con respecto ao mesmo mes do ano 2017.

Os maiores incrementos danse en Aragón (3,0%) e Illes Balears (2,9%). As comunidades onde menos crece ocupación son Asturias (0,7%) e Cantabria (0,8%).

No que vai de ano, os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,7%), Aragón (3,2%) e Murcia (3,0%), mentres que Extremadura (1,5%) rexistra o menor crecemento.

Índices de persoal ocupado. Agosto 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Agosto 2018

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	133,3	4,9	5,2
Comercio	136,6	5,0	5,7
Venta e reparación de vehículos de motor	110,0	14,6	13,4
Comercio por xunto	148,4	4,6	6,2
Comercio ao retalho	114,9	4,7	2,8
Outros servizos	123,1	4,7	3,9
Transporte	105,2	2,6	3,8
Hostalería	173,1	-2,8	-3,2
Información e comunicacións	101,8	-1,6	1,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	103,8	14,0	6,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	157,4	23,9	14,8
España			
Xeral	112,9	8,1	6,6
Comercio	111,6	9,7	6,9
Venta e reparación de vehículos de motor	128,0	26,5	12,0
Comercio por xunto	111,4	10,4	8,2
Comercio ao retalho	106,5	3,3	2,5
Outros servizos	115,3	5,2	6,0
Transporte	112,4	6,4	6,0
Hostalería	148,5	1,4	1,9
Información e comunicacións	100,3	3,7	4,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,3	12,7	10,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	127,3	3,0	7,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Agosto 2018

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	138,7	4,1	4,7
Comercio	134,8	5,0	5,5
Transporte	122,0	9,1	10,2
Hostalería	179,6	-2,9	-2,9
Información e comunicacións	104,9	-0,1	2,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	104,9	11,8	7,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	141,8	14,5	12,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Agosto 2018**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	112,9	8,1	6,6
Andalucía	108,5	4,3	4,0
Aragón	113,9	12,4	8,7
Asturias	114,4	5,2	6,0
Baleares, Illes	171,3	1,9	5,2
Canarias	124,6	5,9	6,7
Cantabria	134,1	5,8	9,2
Castilla y León	112,6	7,7	4,5
Castilla-La Mancha	118,3	6,7	7,2
Cataluña	105,8	6,0	5,7
Comunitat Valenciana	111,2	5,5	4,3
Extremadura	118,3	6,2	4,8
GALICIA	133,3	4,9	5,2
Madrid	111,2	14,4	9,4
Murcia	105,8	4,4	4,3
Navarra	116,3	6,7	4,4
País Vasco	99,6	9,9	8,3
Rioja, La	120,3	9,8	7,0

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Agosto 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	109,9	2,0	1,9
Comercio	108,8	3,0	2,3
Venta e reparación de vehículos de motor	101,3	1,2	-0,2
Comercio por xunto	118,5	7,0	5,4
Comercio ao retalho	104,7	1,0	1,0
Outros servizos	110,7	1,2	1,6
Transporte	104,1	3,0	1,3
Hostalería	114,8	-3,6	-1,2
Información e comunicacións	105,9	3,6	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,7	3,5	3,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,8	3,8	4,0
España			
Xeral	108,4	2,2	2,2
Comercio	105,5	1,7	1,6
Venta e reparación de vehículos de motor	106,9	2,7	2,6
Comercio por xunto	105,6	2,5	2,5
Comercio ao retalho	105,2	0,9	0,9
Outros servizos	110,3	2,5	2,6
Transporte	108,4	2,7	2,9
Hostalería	114,8	1,1	1,3
Información e comunicacións	106,9	3,6	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,4	2,2	2,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,1	3,9	4,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Agosto 2018**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	108,4	2,2	2,2
Andalucía	105,6	1,6	1,6
Aragón	111,6	3,0	3,2
Asturias	105,8	0,7	1,9
Balears, Illes	136,3	2,9	3,7
Canarias	109,6	2,8	2,5
Cantabria	112,2	0,8	2,3
Castilla y León	106,9	2,2	1,9
Castilla-La Mancha	108,2	2,0	1,9
Cataluña	110,0	2,3	2,3
Comunitat Valenciana	105,5	2,5	2,3
Extremadura	108,1	1,4	1,5
GALICIA	109,9	2,0	1,9
Madrid	106,4	2,3	2,4
Murcia	109,0	2,5	3,0
Navarra	108,0	2,8	2,6
País Vasco	105,4	2,0	1,7
Rioja, La	107,4	1,5	2,0

Fonte: INE